

Pra que a ESCOLA sexa a CHAVE

PROGRAMA

#ensinanzasDEidiomas
#ensinanzasartisticas
#ensinanzasdeportivas



**EN
SI
NO**

**Público
Feminista
Galego
Laico
de Calidade**

**Sindicato de Traballadoras
e Traballadores do Ensino
de Galiza**

ENSINANZAS DE IDIOMAS

1. Negociación, mellora e actualización da normativa de organización e funcionamento das Escolas Oficiais de Idiomas.
2. Estabilidade no emprego ata o acceso definitivo á función pública para o profesorado interino.
3. Aumento de persoal en todas as especialidades.
4. Maior oferta do número de idiomas en todas as Escolas. Oferta obrigatoria de todas as linguas propias de cada territorio do Estado.
5. Ampliación da rede de centros e da oferta de EOI que atenda toda a demanda, con especial atención ás zonas rurais.
6. Adecuación e mellora da dotación de edificios, infraestruturas e recursos (bancos de libros, material audiovisual, laboratorios de idiomas, etc.) para estas ensinanzas.
7. Posibilitar que o profesorado de Réxime Especial poida matricularse, no seu propio centro, de especialidades diferentes ás que imparten.
8. Regulación, impartición e certificación nas EOI dos niveis C1 e C2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL). Garantía de oferta e impartición dos niveis A1, A2, B1 e B2.
9. Esixir que os títulos obtidos nas EOI se recoñezan e se valoren no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.
10. Creación de grupos específicos con oferta abonda para a formación do profesorado do resto de ensinanzas en idiomas, incluíndose dentro do horario lectivo e cuxo custo de matrícula sexa sufragado pola administración educativa da cal dependan.
11. As administracións deben apostar polas certificacións expedidas polas EOI. Probas unificadas de certificación de Idiomas elaboradas por profesorado de Escolas Oficiais de Idiomas, coa súa correspondente formación e redución horaria lectiva. Creación dunha axencia estatal que regule estas probas.
12. Derrogación da Lei de Réxime local o que pon en perigo a continuidade dos centros, aulas e espazos que se atopan en instalacións municipais.
13. Non ao transvase forzoso de profesorado entre corpos docentes.

ENSINANZAS DEPORTIVAS

1. Impulso á implantación das ensinanzas públicas deportivas de grao medio e superior en todas as provincias, con profesorado titulado.
2. Mellora das instalacións para o desenvolvemento das ensinanzas deportivas. Dotación dos recursos materiais necesarios para a impartición das mesmas.
3. Negociación e actualización das ordes de organización e funcionamento dos centros que imparten os ensinanzas deportivas.
4. Estabilidade no emprego ata o acceso definitivo á función pública para o profesorado interino.
5. Aumento de persoal en todas as especialidades

ENSINANZAS ARTÍSTICAS

1. Defendemos a mellora, actualización e negociación da normativa de organización e funcionamento dos Centros de Ensinanzas Artísticas.
2. Opoñémonos á privatización das Ensinanzas Artísticas e defendemos a gratuidade dos estudos.
3. Defendemos o aumento do profesorado en todas as especialidades.
4. Queremos que se amplíe a rede pública de centros que imparten ensinanzas artísticas en todos os niveis: Conservatorios Elementais e Profesionais de Música e Danza, Conservatorios Superiores de Música e Danza, Escolas de Arte, Escolas Superiores de Deseño e Escolas Superiores de Arte Dramática.
5. Adecuación da oferta formativa á demanda social, adecuando os estudos aos estilos actuais e á historia etnográfica dos territorios.
6. Creación de ciclos formativos de grao medio e superior nas especialidades técnicas de arte dramática (caracterización, luminotecnia, escenografía, atrezzo,...), adaptados ás Ensinanzas Artísticas.
7. Buscamos a adecuación dos horarios do profesorado para fomentar a participación en actividades artísticas.
8. Regulación e oferta pública das ensinanzas elementais de música e danza en todos os territorios. Adecuación e mellora da dotación de edificios, infraestruturas e recursos (banco de instrumentos, material informático actualizado, equipamento audiovisual, etc.).
9. Ampliación da rede de centros públicos de ensinos de réxime especial para garantir o acceso democrático e xeralizado a estas ensinanzas. Reestruturación dos estudos de música, pasando as escolas de música, ata agora municipais a titularidade autonómica, onde se impartirían os niveis iniciais e os conservatorios pasarían a ser só para niveis superiores.
10. Dignificación das ensinanzas artísticas, co aumento orzamentario preciso para dar atención ás súas características propias, garantindo a presenza obrigatoria das mesmas en todos os niveis da educación obrigatoria.
11. Dotación de departamento de orientación en todos os conservatorios.
12. Derrogación da normativa de Réxime local que impón a xestión privada de servizos públicos municipais. Non ás privatizacións.
13. Elaboración dunha normativa de saúde laboral para as distintas enfermidades derivadas da práctica das ensinanzas artísticas e adaptación dos centros para previr estas doenzas: insonorizacións, readaptación de aulas segundo a materia para impartir nelas, climatización; extracción de fumes tóxicos, chans específicos en danza e arte dramático. Tamén: a correcta formación en hixiene e técnica postural.
14. Garantir a escolarización a todos e todas os/as aspirantes ás probas de aptitude/acceso ao primeiro curso de Ensinanzas Básicas de Música e Danza.
15. Negociación inmediata coas organizacións sindicais da regulación dos Ensinos Artísticos Superiores, de acordo coa Disposición Adicional Novena da LOMLOE.



**EN
SI
NO**

**Público
Feminista
Galego
Laico
de Calidade**

**#ensinanzasDEidiomas
#ensinanzasartísticas
#ensinanzasdeportivas**



Redución das Ratios

- **Atención individualizada**
- **Mellor atención á diversidade**
- **Mellor saúde do alumnado e do profesorado**


A relación entre a redución do número de alumnado por aula e docente a 20 alumnas/os nas Escolas Oficiais de Idiomas e a calidade do ensino é un principio unanimemente aceptado. Evidénciao, non só a práctica diaria de docentes e persoas expertas na educación, senón incontábeis estudos realizados nas últimas décadas por institucións académicas e profesionais de todo o mundo. Ratios reducidas permiten adicarlle máis tempo á atención individualizada de cada alumna/o e de quen máis o precisa; mellorar o clima de convivencia do grupo; facilitar o intercambio e a interacción entre o alumnado e o deste coas súas docentes; aumentar o benestar na aula, que favorece o rendemento escolar, entre outras. Por isto, a Rede de Atención á Infancia da Comisión Europea recomenda a redución de ratios en todos os niveis educativos ao conxunto da Unión Europea, fundamental tamén na adquisición de calquera lingua. O STEG dirixiuse en incontábeis ocasións á Consellería por todos os medios ao seu alcance para avanzar nesta cuestión. E seguiremolo facendo até que esta situación se corrixa. Queremos fixar unha ratio máxima de 20 alumnas nas Escolas Oficiais de Idiomas, tamén na Educación Secundaria.



**EN
SI
NO**

**Público
Feminista
Galego
Laico
de Calidade**

**#ensinanzasDEidiomas
#ensinanzasartísticas
#ensinanzasdeportivas**



Corpo único de ensinantes

- **Formación inicial do mesmo nivel para todo o profesorado**
- **Formación continua en relación coa función educativa desenvolta**
- **Equiparación salarial de todo o profesorado**

O STEG perseguíu historicamente a consecución dun corpo único de ensinantes cunha formación inicial do mesmo nivel, sexa cal sexa o ensino que imparta, cunha formación continua en relación coa función educativa desenvolta.

Para o STEG trátase de valorar o traballo realizado polo profesorado de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Formación de Persoas Adultas, non esquecendo que, para calquera dos niveis antes citados, se require a mesma formación inicial e idéntica dedicación. Ademais de desempeñar unha única función social, é un traballo exercido co mesmo grao de responsabilidade. Polo tanto, cómpre pensar que a diferenza salarial que a Administración establece responde a razóns alleas ao valor do labor realizado.

Para o STEG retribuír do mesmo xeito unha mesma dedicación e grao de responsabilidade non só é xusto, senón que favorece a suma de vontades para traballar en equipo e compartir responsabilidades.


A coherencia do STEG en materia retributiva levounos sempre ó convencemento de que á función docente, que é única, lle corresponde o agrupamento laboral do profesorado nun CORPO ÚNICO DE ENSINANTES. Este histórico posicionamento recibiu no seu día o importante apoio inequívoco das Universidades que reivindicaban a licenciatura para a formación inicial das mestras e mestres.



EN
SI
NO

Público
Feminista
Galego
Laico
de Calidade

#ensinanzasDEidiomas
#ensinanzasartísticas
#ensinanzasdeportivas



Potenciación dos centros no rural

- **Plan de Educación específico e desenvolvemento rural**
- **A escola como elemento central da vida social**
- **Adecuación do transporte ás necesidades específicas**
- **Evitar a fenda dixital**

Os centros de Educación Secundaria no rural constitúen un elemento fundamental para artellar a nosa vida en sociedade, atendendo á propia idiosincrasia do país, eminentemente rural. Por tanto, temos que reverter o desmantelamento do ensino no rural que está a acometer a Xunta de Feijóo dende que chegou ao poder en 2010. Neste tempo, pecháronse preto de douscentos centros educativos, boa parte deles no rural, deixando así desvalida unha parte importante da cidadanía que ve como se avanza no proceso de desmantelamento do país e incidindo tamén no futuro dos centros de Educación Secundaria.

O STEG xulga que é fundamental reverter estas políticas e opuxémonos sempre aos peches baseados en criterios de rendibilidade económica, pois o ensino público non é un gasto, é unha inversión e fai parte de aquilo que nos axuda a cohesionar a cidadanía, mellorando a súa calidade de vida e desenvolvendo un aspecto fundamental como o é a educación. Tamén pelexamos -sen éxito até a data- polo recoñecemento das persoas responsábeis dos centros de menos de 3 unidades –as chamadas “unitarias”-, que ademais constitúen un modelo educativo singular e de enorme valor. O STEG é consciente de que, malia todas as eivas, é no rural onde se están a desenvolver moitas accións pedagóxicas de vangarda por parte do seu profesorado de Infantil e Primaria, o cal constitúe unha oportunidade única que ningún bo goberno debese obviar.

Facemos parte da Rede Galega polo Desenvolvemento do Rural e manifestámonos en moitas ocasións contra os peches de centros rurais, acompañando as comunidades educativas respectivas nas súas reivindicacións. Por iso, dende o STEG pensamos que é fundamental ampliar a rede de CRAs e rematar co illamento destes centros, o cal responde a unha política de diminución intencionada de recursos que provoque a caída da matrícula para o posterior peche.



EN
SI
NO

Público
Feminista
Galego
Laico
de Calidade

#ensinanzasDEidiomas
#ensinanzasartísticas
#ensinanzasdeportivas



Atención á diversidade

- **Potenciación e posta en marcha da Rede de Orientación**
- **Aumento do profesorado especializado na atención á diversidade**
- **Redefinición dos catálogos en base a criterios pedagóxicos**

Ao respecto da Orientación Educativa, cómpre que a Administración asuma que nun número moi elevado de casos, este Departamento traballa baixo mínimos, precisando moitos centros dúas prazas de Orientación no canto de unha, do xeito en que actualmente acontece en moitos deles. Trátase dun aspecto central para unha acción realmente efectiva.

Queremos subliñar a importancia da necesidade urxente de abordar unha mellora do Decreto e a Orde de Orientación, coa conseguente actualización e posta en marcha da Rede Galega de Orientación, tarefa pendente e fundamental para avanzar de xeito significativo na atención á diversidade, contribuindo o bo funcionamento dos centros de Educación Secundaria.

Estes teñen necesidades cada vez máis apremiantes, ben sexa polo número do alumnado, a súa ubicación xeográfica, a propia diversidade do mesmo ou os actuais fluxos migratorios. Deste xeito, o profesorado de Secundaria ten que enfrontar, en moitos casos sen axuda abonda, unha gran diversidade que debera ser unha oportunidade e non a orixe de problemas por non atendela axeitadamente.

Nos centros de Educación Secundaria dos cinturóns das grandes cidades, resulta obvio que non teñen as mesmas necesidades ca outros centros onde non se dá ese nivel de diversidade; ao tempo, moitos centros do rural só dispoñen dunha orientación compartida con outros centros que non responde ás súas necesidades reais.

Un investimento serio na Rede de Orientación é un paso fundamental polo que o STEG sempre loitou e que debe seguir guiando as nosas reivindicacións, pois de acadalo, mellorará notabelmente a situación dos centros de infantil e primaria. Queremos que se respecte o criterio de unha orientadora por cada 250 alumnas/os.



EN
SI
NO

Público
Feminista
Galego
Laico
de Calidade

#ensinanzasDEidiomas
#ensinanzasartísticas
#ensinanzasdeportivas



Ensino Galego

- **Derrogación urxente do Decreto de Plurilingüismo**
- **Recuperar ó cen por cen as axudas á normalización lingüística**
- **Recuperar o uso do galego entre o alumnado nas grandes cidades**
- **Deter o proceso de substitución lingüística**

Levamos anos sinalando o proceso de substitución no que se encontra a lingua propia do país. A nosa organización acudiu á xustiza no seu momento -dándolle esta a razón en 2010- para sinalar a improcedencia do chamado Decreto de Plurilingüismo. O STEG entende que este foi lesivo e hostil para o galego como lingua minorizada e, ademais, as políticas lingüísticas desenvoltas ata o de agora estiveron centradas na educación secundaria, é dicir, anos despois de sucedida esta muda. Os datos convidan a cuestionar, non só o actual Decreto en vigor, senón tamén o modelo lingüístico e reflexionar sobre as modificacións precisas para estas políticas por parte do goberno da Xunta e, en especial, a súa Consellería de Educación, polo cal xulgamos fundamental recuperar nos centros de Educación Infantil e Primaria os **Equipos de Normalización Lingüística**, denominación que Feijóo mudou en "dinamización", restándolle o carácter de restitución, corrección e perspectiva ecolóxica que o coidado da lingua propia –e minorizada- precisa, sendo **normalizada**.

Ao tempo, o STEG defende a derrogación do Decreto de Plurilingüismo, pois a realidade lingüística ao respecto do galego en moitos centros de Infantil e Primaria así o requiren, ademais dos datos estatísticos, que sustentan esta nosa reivindicación:

O IGE amosou en **2014** que, entre 2008 e 2013, descende a suma daqueles que declaran falar "en galego sempre" ou "máis galego que castelán" dende o 56,4% até o 50,9% e crece a porcentaxe de monolingües en castelán (pasa do 20,05% ao 25,95%).

2016: o Comité de Expertos do Consello de Europa destaca que o devandito decreto de 2010 "limita o ensino en galego a un máximo do 50% co propósito final de reduci-lo a un terzo" e advirte de que isto "entra claramente en contradición cos compromisos escollidos polas autoridades de acordo coa Carta que esixe a educación predominantemente en galego". Por iso, o Consello de Europa insta "encarecidamente" a Xunta que impulse o galego na educación e lembra que os compromisos adquiridos no tratado internacional continúan sen se cumprir "nin en preescolar, nin en primaria, nin en secundaria".

Pero ademais, o Consello de Europa ten en conta tamén os datos achegados por diversas organizacións a prol da lingua ou do ámbito educativo no que se destaca a escasísima presenza do galego en preescolar, especialmente nas cidades, o veto á lingua propia nas materias científicas ou a introdución dun trilingüismo que acaba por "minguar o número de horas impartidas en galego".


2021: O STEG denuncia diante da Valedora do pobo as preocupantes conclusións que a Real Academia Galega vén de facer públicas ao abeiro do chamado Mapa sociolingüístico escolar de Ames, o cal ofrece un diagnóstico exhaustivo de interese para o conxunto do país, a partir do municipio coa poboación máis nova de Galiza e cun uso familiar do galego superior ao doutros urbanos e periurbanos. Dende o STEG entendemos que a análise da actual situación sociolingüística provén dunha institución que se conta entre as máis prestixiosas do país pola propia traxectoria da mesma e polas persoas que fan parte dela e, por tanto, atender as súas razóns é un factor esencial para a definición de medidas efectivas ante o desafío colectivo que temos como país: o de permitirlles ás xeracións vindeiras que gocen da riqueza que significa termos unha lingua propia.



**EN
SI
NO**

**Público
Feminista
Galego
Laico
de Calidade**

**#ensinanzasDEidiomas
#ensinanzasartísticas
#ensinanzasdeportivas**



Redución do tempo de traballo para as docentes maiores de 55 anos de Educación Secundaria

- **Favorecer as condición de traballo das docentes de máis idade**
- **Rexuvenecer os claustros e facilitar a incorporación de novas mestras**
- **Redución horaria de até 3 horas sen redución de salario**

As/os traballadoras/es estamos sometidas/os cada vez máis a un maior estrés e cargas burocráticas de todo tipo que interfíren na nosa función docente, ademais das altas ratios nalgúns casos, horarios lectivos exhaustivos e presións de todo tipo por parte da Administración, como STEG denunciou reiteradamente ao longo do tempo. Pero queremos denunciar especialmente as condicións laborais das/dos docentes maiores de 55 anos, moitas veces con anos de dedicación que, ao contrario do que pasa noutras/os profesionais -especialmente da función pública-, non contan para unha Administración que cada vez mira máis o aforro fronte á calidade que merece o noso alumnado e as súas familias.

Este colectivo é o que máis está a sufrir os problemas laborais da nosa profesión diante dunhas condicións que non fixeron senón empeorar nos últimos anos. O envellecemento do persoal e o aumento da idade de xubilación a 67 anos no 2027 para todo o profesorado interino e o funcionario que accedeu á súa condición despois do 1 de xaneiro do 2011 fai necesario tomar medidas para rexuvenecer os claustros e dar oportunidades aos futuros docentes. Este ano, moitos docentes con máis dun 8 na última oposición pero sen experiencia están a pasar o ano en branco diante da falta de prazas para poder exercer o seu traballo para o que demostraron sobradamente estar preparadas/os.

O STEG esíxelle á Administración que vele polas docentes, especialmente por aquelas/es de máis idade a quen lles custa máis seguir o ritmo frenético que a Administración, cos seus recortes continuos, lles impuxo aos traballadores e traballadoras do ensino. E esixe, por conseguinte, a redución horaria de ata 3 horas sen minguar o seu salario.



EN
SI
NO

Público
Feminista
Galego
Laico
de Calidade

#ensinanzasDEidiomas
#ensinanzasartísticas
#ensinanzasdeportivas



Xestión exclusivamente pública do servizo de comedor

- **Abaratamento do servizo e mellora da súa calidade**
- **Fornecemento da actividade económica da contorna dos centros**
- **Favorecemento da soberanía alimentaria e produto de proximidade**
- **Garantir a alimentación saudábel e equilibrada da poboación escolar**

A privatización dos comedores escolares dos centros públicos de ensino, a través de concesións, moitas veces millonarias, é unha práctica que vén sendo habitual nos últimos anos, especialmente durante os gobernos do señor Feijóo. A mesma encádrase nas políticas neoliberais da dereita, moitas das cales nos trouxeron até a situación actual: a externalización xeralizada de moitos dos servizos públicos, que derivaron nun empeoramento e encarecemento do servizo en detrimento da cidadanía.

Especialmente penoso resulta que con frecuencia a alimentación do alumnado nos institutos públicos estea en mans irresponsábeis -lembremos que as protestas por este tipo de servizos prodúcense con máis frecuencia da debida-, derivando nun servizo pobre, escaso e mal atendido.

O STEG defende que os comedores escolares se abastezan dos produtos de proximidade, incentivando o comercio local ou pequeno comercio, fornecendo os produtos galegos a través da súa posta en valor, potenciando o seu uso nos centros educativos, no camiño de que a escola teza relacións colaborativas coa contorna da comunidade educativa onde se insire a súa actividade.

Ao respecto da súa xestión privada, o STEG esixe, no entanto, que haxa dilixencia nas inspeccións sanitarias dos comedores escolares, así como a apertura de expedientes cando corresponda, mesmo a rescisión de contratos con empresas que incumpren os seus compromisos, poñendo en risco a saúde do alumnado galego.

O STEG defende a xestión pública dos comedores escolares, no convencemento de que a privatización dos mesmos diminúe a atención ao noso alumnado e vai en detrimento da calidade do servizo, e condena enerxicamente a mala praxe de empresas que poñen en risco a saúde das nenas e nenos que comen a cotío nas escolas galegas.



EN
SI
NO

Público
Feminista
Galego
Laico
de Calidade

#ensinanzasDEidiomas
#ensinanzasartísticas
#ensinanzasdeportivas



Adecuación do transporte ás necesidades pedagóxicas dos centros de Educación Secundaria

- **Garantir o establecemento de paradas e rutas seguras**
- **Medidas específicas de axuda ó transporte escolar no rural**
- **Exención da responsabilidade civil do profesorado**
- **Inclusión das actividades extraescolares no servizo de transporte**

No STEG somos conscientes da problemática existente co transporte escolar. Pois son moitos os centros ou grupos escolares que teñen que modificar os seus horarios ou que non poden adoptar a xornada continua, co único motivo de teren que se adaptar á dispoñibilidade da empresa de transportes correspondente, quedando os criterios educativos, pedagóxicos e organizativos do centro supeditados aos intereses de quen ten que garantirlle un servizo.

É tamén frecuente de máis a impuntualidade e/ou imprecisión no funcionamento do transporte, autobuses que deixan o noso alumnado demasiado cedo, que o recollen tarde, ou que establecen o punto de subida e baixada demasiado lonxe do centro. Isto orixina unha situación de indefinición na responsabilidade civil sobre os nosos menores durante ese espazo ou tempo, onde están fora do horario e do recinto educativo pero non hai ninguén ao seu cargo. Unha responsabilidade que podería recaer no colectivo de profesionais do ensino.

Así, o STEG defende a este respecto:

1. Renegociación dos contratos de transporte escolar, tendo en conta as demandas de pais, nais e claustros, incluíndo as actividades extraescolares. (Que non prime a rendibilidade empresarial sobre as necesidades educativas)
2. Eximir o profesorado de toda responsabilidade civil sobre o alumnado, durante os períodos de baixada-subida ao transporte e o horario de apertura ou remate do horario lectivo. Coidamos que ten que ser a figura da/o acompañante quen asuma a responsabilidade nestes períodos.
3. Garantir que os centros e rutas teñan lugares axeitados para a recollida e baixada do alumnado
4. Determinación do perfil do acompañante e regularización do seu procedemento de contratación.
5. Modificación do decreto 203/1986 que pon como distancia mínima 2 km para poder ser usuaria/o do transporte.
6. Reclamar das administracións campañas de concienciación de pais e nais sobre os perigos do transporte.



EN
SI
NO

Público
Feminista
Galego
Laico
de Calidade

#ensinanzasDEidiomas
#ensinanzasartísticas
#ensinanzasdeportivas



Lingua Portuguesa

O portugués axúdanos a recuperar léxico e estruturas pouco empregadas ou substituídas por castelanismos, polo que o seu estudo vén dignificar o noso idioma mostrándonos a súa grande utilidade e rendemento. Trátase da 5ª lingua máis falada no mundo, oficial en 9 países, nos 5 continentes e nas comunidades lusófonas emigradas, con máis de 250 millóns de falantes.

Así, o pobo galego é o máis capacitado de toda Europa para alcanzarmos un maior progreso neste idioma en menos tempo de aprendizaxe. A facilidade e rapidez con que unha persoa na Galiza aprende portugués é un estímulo para o estudo? Con esforzo e tempo menores dos empregados noutras linguas, conseguimos coñecementos suficientes para nos comunicar e para obter certificados oficiais.

Actualmente, o portugués é ofertado en 60 dos 341 centros de Galiza e máis de 130.000 alumnos e alumnas de ESO e Bacharelato no ensino público.

Por iso a este respecto o STEG defende:


- A implementación real do ensino de portugués en todos os niveis educativos como primeira e segunda lingua estranxeira
- A creación de materias de libre configuración autonómica de Cultura e Historia Portuguesas
- A creación de seccións bilingües en portugués na Formación Profesional dada a nosa facilidade para aprender este idioma.
- A creación de prazas específicas para o profesorado de portugués en todos os niveis educativos e na EOI.
- Formación para aquel profesorado que manifeste a intención de implementar o idioma no seu centro educativo e teña a titulación esixida.
- A esixencia de que o profesorado substituto cumpra os mínimos de coñecemento do idioma á hora de substituír tanto nas EOI como no ensino obrigatorio ou non obrigatorio.
- A erradicación das empresas privadas na certificación de nivel de linguas, programas Piale, actividades extraescolares, etc. pois para iso temos un profesorado perfectamente cualificado nas nosas EOI.
- A formación desde as EOI para a preparación das probas de nivel.
- A implementación da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, coñecida como a Lei Paz Andrade a través de decretos e ordes que garantan a súa materialización, que non quede só en papel e o correspondente seguimento anual de que se está a cumprir.
- Que na oferta e cobertura de prazas docentes, tanto no Concurso Xeral de Traslados como no CAPD, apareza o perfil de portugués.
- Que se vele pola calidade no ensino da lingua portuguesa na Galiza para que este sexa efectivo e que se é necesario se fagan probas lingüísticas ás persoas que integren as listas de substitucións para garantir a capacitación.
- Que se regularicen as situacións nos centros en que se imparte portugués creándose os correspondentes departamentos da especialidade.



EN
SI
NO

Público
Feminista
Galego
Laico
de Calidade

#ensinanzasDEidiomas
#ensinanzasartísticas
#ensinanzasdeportivas



Por unha Escola LAICA

- **Desaparición da segregación por ideoloxía**
- **Instrución nos saberes comúns**
- **Formación nos valores compartidos**
- **Liberdade de conciencia en formación**

A Escola, como institución pública debe tender ao laicismo na mesma medida que o Estado e o conxunto das súas institucións. Tamén:

- A igualdade de dereitos e de trato de todas as meniñas e meniños esixe a non discriminación ou segregación no ámbito escolar por razóns de ideoloxías ou crenzas (o que sucede á hora das clases de relixión).
- Os fins e funcións específicas das escolas de Educación Infantil e Primaria son a instrución nos saberes comúns fundamentais (científicos e humanísticos) para o desenvolvemento de toda a cidadanía e a formación nos valores compartidos para a convivencia democrática (non nas crenzas particulares).
- A educación, como dereito das crianzas, debe respectar a súa liberdade de conciencia en formación, por tanto, debe excluír tamén do eido escolar o adoctrinamento confesional.

Fundamentos, todos eles, de carácter universal. Por iso concluímos que O ENSINO LAICO NON é unha opción entre outras: O ENSINO LAICO é o método educativo propio da democracia. Nesta liña de argumentación é dende a que o se entende que a laicidade do Estado e as súas institucións NON é un extra que se lle poida engadir ou non, senón que forma parte fundamental do concepto mesmo de democracia, do espazo político común de dereitos e deberes dirixido a preservar a liberdade e igualdade da cidadanía, razón de ser de todo Estado Democrático e de Dereito.

Así, é o Estado na súa integridade o que debe ser laico (por respecto á liberdade de conciencia, principio universal) e é toda a Escola, como institución para a educación de toda a cidadanía, a que está obrigada a respectar na súa natureza e funcionamento todos os dereitos democráticos, incluído o de liberdade de conciencia e o seu específico de formar para a liberdade de conciencia (igualmente, principios universais), promovendo o coñecemento empírico da realidade a través da racionalidade e do empirismo, evitando a discriminación de xénero ou contra a diversidade sexual (moi presente, por contra, na doutrina católica que o Goberno do Estado e a Xunta non teñen reparo en promover).

Por iso, no STEG non traballamos co profesorado de relixión e defendemos que se eliminen as relixións como materia do ensino e que desaparezan do currículo escolar. Asemade, queremos que se eliminen os acordos co Vaticano e que non compute como experiencia docente a experiencia previa do persoal docente de Relixión.



EN
SI
NO

Público
Feminista
Galego
Laico
de Calidade

#ensinanzasDEidiomas
#ensinanzasartisticas
#ensinanzasdeportivas



Dereitos retributivos e acceso á función pública

Defendemos a creación dun observatorio de transparencia dos procesos selectivos. Queremos que non computen nos méritos os anos de experiencia no ensino concertado-privado.

E tamén:

- A realización das probas de forma anónima (mediante plicas).
- A eliminación da obrigatoriedade de ler a proba.
- Incentivos profesionais e económicos vinculados á formación do profesorado.
- Apoio formativo e redución de xornada na fase de prácticas.
- Redución da xornada laboral a maiores de 55 anos.
- Recuperación dos dereitos laborais perdidos.
- Un complemento salarial galego que compense a perda salarial con respecto ao ipc galego a cobrar no mes de xaneiro.
- 14 pagas completas.
- Unha nova negociación da xornada laboral cun máximo de 16 horas lectivas.
- A negociación dun novo regulamento orgánico de centros de secundaria (roc) que recolla as reducións horarias das novas funcións.
- Esiximos unha maior democracia interna dos centros educativos (reforzamento das funcións do consello escolar, desligando a inspección do proceso de elección de direccións)